

## Concello de Covelo

---

Expte. n.º 2/2026

**Procedemento: Subvencións solicitadas a outra Administración**

### **BASES ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA PISCINA MUNICIPAL DE COVELO 2026**

A Concellería de Deportes do Concello de Covelo ten previsto organizar diferentes actividades deportivas ao longo do ano 2026 coa intención de promover a cultura deportiva e o exercicio como forma de mellora da saúde e a calidade de vida da poboación.

Entre as actividades previstas na Piscina Municipal de Covelo está a organización de Ximnasia acuática para maiores no mes de xullo e cursos de iniciación e perfeccionamento de natación para crianzas e adultos no mes de Agosto.

### **OBXECTIVOS DO PROXECTO**

- Promover a actividade a un estilo de vida activo e saudable por parte das persoas participantes.
- O obxectivo básico da natación, é aprender a nadar, o que implica dominar as técnicas de respiración, flotación e desprazamento na auga, ademais de ser unha actividade divertida e relaxante.

### **PERFIL DAS PERSOAS USUARIAS**

- \*Para a ximnasia acuática, persoas adultas.
- \*Para as clases de **natación de iniciación** das **crianzas** os nados entre **2011 e 2021**, e para as clases de natación de mellora, todos os demais.
- \* Para as persoas adultas, clases de natación de aprendizaxe e de mellora.

### **PERIODICIDADE E DURACIÓN DAS ACTIVIDADES**

As actividades de ximnasia acuática para adultos realizaranse tres días por semana (luns, mércores e venres) e desenvolveranse entre o 1 e o 31 de xullo de 2026.

As actividades de natación para adultos de iniciación e perfeccionamento dous días por semana e crianzas perfeccionamento realizaranse tres días por semana agás iniciación que serán dous días por semana e desenvolveranse entre o 3 e o 31 de agosto de 2026.

Empregaranse os seguintes medios materiais e humanos:

- Monitor de actividades acuáticas e monitor de clases de natación
- Material de natación
- Equipo de música



## Concello de Covelo

---

### ACTIVIDADES DEPORTIVAS

#### XULLO

##### 1.- Ximnasia acuática para Adultos (máx. 15 persoas)

Luns, Mércores e Venres: 12:15h a 13:15h

#### AGOSTO

##### Natación para crianzas:

##### INICIACIÓN (máx. 7 por grupo) nados entre 2011 e 2021.

Martes e xoves de 12:15h a 12:45 h

Martes e xoves de 12:45h a 13:15 h

Martes e xoves de 13:15h a 13:45 h

##### PERFECCIONAMENTO (máx. 12 por grupo).

Luns e mércores de 13:00h a 13:30 h. Venres de 12:15 a 12:45 h

Luns, mércores e mércores de 13:30h a 14:00 h

Luns e mércores de 13:45h a 14:15 h. Venres de 12:45 a 13:15 h

##### Natación para adultos:

##### INICIACIÓN (máx. 8 persoas):

Luns e mércores: 12:15h a 13:00 h

##### PERFECCIONAMENTO (máx, 8 persoas):

Luns e mércores: 12:15h a 13:00 h

##### PRAZOS DE INSCRICIÓN:

XIMNASIA ACUÁTICA: dende o 24 de xuño ata 29 de xuño de 2026 (máx.15 prazos).

CLASES DE NATACIÓN ADULTOS E CRIANZAS: dende o 1 de xullo ata o 17 de xullo de 2026. **Iniciación** 21 prazos crianzas repartidas en 3 grupos e 8 adultos repartidos en 1 grupo e **Perfeccionamento** 36 crianzas repartidas en 3 grupos e 8 adultos repartidos en 1 grupo.

Documentación necesaria para a inscrición:

-Formulario inscrición.



## Concello de Covelo

---

- Formulario autorización.
- DNI participante.
- Tarxeta sanitaria só para crianzas (natación).

Inscricións: Oficinas do Concello de Covelo de 9 a 14 h ou na sede electrónica da páxina web do concello de Covelo.

As prazas confirmaranse por riguroso orde de inscrición trala entrega de toda a documentación.

Prezo: **5 € empadroados, 25 € non empadroados (clases natación)** Ordenanza Piscina Anexo 2016

Listado persoas admitidas ximnasia na auga: 30 de xuño de 2026.

Listado persoas admitidas clases natación: 22 de xullo de 2026.

Prazo pago taxas clases natación: do 24 de xullo ao 30 de xullo mediante transferencia bancaria á conta do concello de Covelo no número **ES75 20805420543110100012**, o importe do prezo público establecido, facendo constar o nome do participante e concepto de CLASES NATACIÓN, sen este ingreso decaerá no seu dereito a favor do seguinte na lista de espera.

### Preferencia, persoas empadroadas no Concello de Covelo

#### INICIO DE ACTIVIDADES:

**XIMNASIA ACUÁTICA: Mércores 1 de xullo de 2026 finaliza o 31 de xullo.**

**CLASES DE NATACIÓN: Luns 3 de agosto de 2026 finaliza o 31 de agosto.**

#### ORZAMENTO:

| Concepto                                | Importe           |
|---|-------------------|
| Clases de ximnasia acuática.1 Monitor/a | 1.238,92 €        |
| Clases de Natación. 1 Monitor/a         | 2.236,55 €        |
| <b>Total</b>                            | <b>3.475,47 €</b> |

O custo da actividade ascende a **3.475,47 € (IVE incluído)** e será contratada externamente na súa totalidade.

Covelo , a data que figura na marxe

Alcalde-Presidente

Juan Pablo Castillo Amigo

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



## Concello de Covelo

### INSCRICIÓN XIMNASIA NA AUGA (AQUAGIM)

XULLO 2026 (Exp.2/2026)

|                               |  |
|-------------------------------|--|
| <b>NOME E APELIDOS</b>        |  |
| <b>DNI</b>                    |  |
| <b>ENDEREZO COMPLETO</b>      |  |
| <b>TELEFONO (obrigatorio)</b> |  |
| <b>CORREO ELECTRÓNICO</b>     |  |

| <b>CURSO</b>  | <b>OBSERVACIÓNS RELATIVAS A ESTE CURSO E OS HORARIOS DE CELEBRACIÓN</b> |
|---|---|
| <b>XIMNASIA NA AUGA (aquagym)</b><br>Luns, mércores e venres de 12:15 a 13:15 |   |

| <b>DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:</b> |   |
|-----------------------------------|---|
|                                   | DNI participante  |
|                                   | Volante de empadramento (só para non empadroados no concello de Covelo)                       |
|                                   | Autorizo a Administración a comprobar no Padrón Municipal de habitantes do Concello de Covelo |
|                                   | Formulario declaración responsable  |
|                                   | Formulario de inscrición  |

| <b>A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN</b> |                        |
|-------------------------------------|------------------------|
|                                     | <b>Empadroad/a</b>     |
|                                     | <b>Non empadroad/a</b> |

Covelo, a ..... de ..... 2026

Sinatura



## Concello de Covelo

### INSCRIPCIÓN CURSOS DE NATACIÓN AGOSTO 2026 (Exp. 2/2026)

|                                      |  |
|--------------------------------------|--|
| <b>NOME E APELIDOS</b>               |  |
| <b>DNI</b>                           |  |
| <b>ENDEREZO COMPLETO</b>             |  |
| <b>TELEFONO (obligatorio)</b>        |  |
| <b>CORREO ELECTRÓNICO (opcional)</b> |  |
| <b>Nome e apelidos crianza</b>       |  |
| <b>Data nacemento crianza</b>        |  |

| CURSOS DE NATACIÓN   |                                  | DÍAS                    | HORARIOS      |
|--|----------------------------------|-------------------------|---------------|
| <b>NATACIÓN ADULTOS E MAIORES</b>                                    |                                  |                         |               |
| 1)   | <b>INICIACIÓN ADULTOS</b>        | Luns, Mércores          | 12:15 a 13:00 |
| 2)   | <b>PERFECCIONAMENTO ADULTOS</b>  | Luns, Mércores          | 12:15 a 13:00 |
| <b>NATACIÓN INFANTIL (INICIACIÓN)</b>                                |                                  |                         |               |
| 1)   | <b>INICIACIÓN INFANTIL</b>       | Martes e Xoves          | 12:15 a 12:45 |
| 2)   |                                  | Martes e Xoves          | 12:45 a 13:15 |
| 3)   |                                  | Martes e Xoves          | 13:15 a 13:45 |
| <b>NATACIÓN INFANTIL (PERFECCIONAMENTO)</b>                          |                                  |                         |               |
| 1)   | <b>PERFECCIONAMENTO INFANTIL</b> | Luns e Mércores         | 13:00 a 13:30 |
|  |                                  | Venres                  | 12:15 a 12:45 |
| 2)   | <b>PERFECCIONAMENTO INFANTIL</b> | Luns, Mércores e Venres | 13:30 a 14:00 |
| 3)   | <b>PERFECCIONAMENTO INFANTIL</b> | Luns e Mércores         | 13:45 a 14:15 |
|  |                                  | Venres                  | 12:45 a 13:15 |
| <b>OBSERVACIÓNS (alergias, medicamentos, etc.. para os menores):</b> |                                  |                         |               |



## Concello de Covelo

| DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR: |  |
|----------------------------|--|
|                            | D.N.I. participante e titor legal si é o caso.   |
|                            | TARXETA SANITARIA (Só para crianzas)   |
|                            | Autorizo a Administración a comprobar no Padrón Municipal de Habitantes do Concello de Covelo. |
|                            | Formulario autorización e declaración responsable.   |
|                            | Formulario inscrición.   |

### PREZOS\*:

Asistencia a cursos de natación (por cada mes):

Persoa empadroada no Concello de Covelo: 5,00 €

Persoa non empadroada no Concello de Covelo: 25,00 €

Os pagos realizaranse mediante transferencia bancaria (onde debe constar o nome, apelidos e curso de natación infantil/adultos), en efectivo ou pago coa tarxeta bancaria no Concello de Covelo.

Conta bancaria n.º: ES75 2080 5420 5431 1010 0012

*\* Prezos segundo a Ordenanza reguladora da taxa por servizos de casas de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos. A Presente Ordenanza Fiscal foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión de data 27 de outubro de 1998. A modificación do Anexo da Ordenanza Fiscal foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión de data 13 de maio de 2016 publicada no BOP en data 22 de xullo de 2016.*

Covelo ,..... de .....de 2026

Sinatura

| A CUBRIR POLA ADMINISTRACION: |                  |
|-------------------------------|------------------|
|                               | Empadroado/a     |
|                               | Non empadroado/a |



## Concello de Covelo

---

### AUTORIZACIÓN DECLARACIÓN RESPONSABLE

**Don/Dona**.....

**con DNI** .....

**endereço**.....

declaro de forma voluntaria que:

- Fun informado das condicións nas que se desenvolven as clases de ximnasia de mantemento e ximnasia na auga.
  
- Autorizo a Administración a comprobar no Padrón Municipal de Habitantes do Concello de Covelo.
  
- Autorizo ó Concello de Covelo que as fotografías que poidan ser realizadas durante as clases de ximnasia, sexan empregadas por esta entidade de forma atemporal en calqueira publicación ou acción publicitaria, comprometéndose dita entidade a non facer uso das mesmas fóra dos fins de promocións, difusión de actividades e eventos publicitarios institucionais.

Covelo, ..... de ..... de 2026.

Sinatura:

